



AERONÁUTICA 40/2017

En Santiago de Compostela, a 29 de Xaneiro de 2018, reunido o Comité Galego de Xustiza Deportiva en sesión plenaria celebrada o día da data, resolveu o recurso **RN 40/2017**, seguido, como recorrente, polo “**Club Parapente Ferrol**” fronte a **Federación Aeronáutica Galega**.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- O día 8 de Agosto de 2017 tivo entrada no Rexistro do Comité Galego de Xustiza Deportiva escrito presentado o 3 de Agosto por D. Xulio Villarino Aguiar, en representación do “Club Parapente Ferrol”, polo que interpuxo recurso contra a Resolución da Comisión Delegada da **Federación Aeronáutica Galega do 27 de Xuño de 2017 na que se aproban modificacións do Regulamento de Paramotor. No** recurso solicitase como Medida Cautelar a cancelación dos exames federativos da especialidade de parapente que puideran celebrarse en tanto non se pronuncie este Comité Galego de Xustiza Deportiva.

SEGUNDO.- Este Comité, mediante Providencia de data 8 de Setembro de 2017, acordou admitir a trámite o escrito presentado co número de expediente 40/2017 e dar traslado ao Presidente da **Federación Aeronáutica Galega**, para que, por quen corresponda, remita expediente e informe sobre o mesmo no prazo de dez días contados dende a notificación de dita Providencia. Na mesma Providencia de 8 de Setembro de 2017 se acordou requirir a **Federación Aeronáutica Galega** por prazo de 3 días para que informase sobre a petición de medida cautelar prantexada polo recorrente. En data 25 de Setembro de 2017 tivo entrada no rexistro do Comité o expediente e informe remitido pola **Federación Aeronáutica Galega** en cumprimentación da mencionada Providencia.



TERCEIRO.- O Comité, mediante Providencia de data 30 de Outubro de 2017, acordou non conceder a medida cautelar solicitada polo recorrente, sen prexuízo do que se resolva finalmente sobre o fondo do asunto. Así mesmo, acordouse declarar concluso o expediente e poñelo de manifesto aos interesados para a súa vista no prazo de dez días nos que puideron presentar as alegacións, documentos e xustificacións que estimasen pertinentes.

Foi relator Rafael Tena Núñez

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-

O “Parapente” e o “Paramotor” son dúas especialidades deportivas independentes dentro da “Federación Aeronáutica Galega” (en adiante “FAG”)

O vixente Regulamento do **Paramotor** da FAG define a esta especialidade da seguinte forma:

“El Paramotor es un planeador que resulta de la fusión de un parapente y un motor auxiliar de empuje, transportado a la espalda, y sujeto al arnés del piloto, que puede ser transportado, despegado y aterrizado a pie”

Sendo o **Parapente**, según definición contida Regulamento de Parapente da Federación Aeronáutica Española, ***“Un planeador sin estructura rígida primaria, que puede ser transportado, despegado y aterrizado a pie, empleando únicamente la propia energía del piloto”.***

SEGUNDO.-

O club recorrente explica no seu escrito que a Comisión Delegada da Asemblea Xeral da FAG, o 27 de Xuño de 2017 aprobou algunhas modificacións do Regulamento de Paramotor. Entre elas está unha novidade que, -según o “Club Parapente Ferrol”- vulnera claramente os protocolos de seguridade e debe ser anulada. Refírese ao seguinte artigo:



“Titulaciones Deportivas. Piloto en Prácticas de Paramotor. (Título Segundo de la Sección Tercera: Los alumnos de paramotor de las escuelas de paramotor reconocidas por FAG también podrán presentarse al examen de piloto en prácticas de parapente si durante su formación de paramotor realizan el mismo número de vuelos en parapente requeridos a los alumnos de parapente y que aparezcan firmados en su libro de vuelos por un técnico deportivo de parapente indicando en dicho libro de vuelos que se realizaron en parapente”

No Recurso prantéxase que hai riscos para a seguridade pois o Regulamento de Parapente, tanto o da FAG como o nacional, esixen, como **“Medios Humanos Mínimos”** para as Escolas de Parapente **dous** técnicos deportivos e a presenza de alomenos **dous** formadores durante os vós de altura. Di o recorrente que nas Escolas de paramotor so se require **un** técnico deportivo para o seu recoñecemento federativo, xa que con motor despégase e atérrase no mesmo lugar. Insisten que -para pode ensinar o parapente e operar como escola de parapente- deben ser necesarios dous técnicos deportivos. En definitiva non está conforme con que os clubs de paramotor podan presentar alumnos aos exames de parapente.

TERCEIRO.-

A Federación explica nos seus escritos que non hai irregularidade e risco para a seguridade pois, -en canto ao número de formadores das **Escolas de paramotor cando están realizando as prácticas de parapente-**, obrigáselles a cumprir o indicado no Regulamento de Ensinanza do parapente que, efectivamente di:

“4.1.2 Requisitos para el reconocimiento de la escuela de parapente

Medios humanos mínimos:



-Dos técnicos deportivos (de no haberlos serían los antiguos instructores uno de ellos puede ser el director técnico de la escuela).

-La presencia de al menos dos formadores (técnico deportivo o instructor) durante los vuelos de altura.

-La relación de técnico deportivo instructor alumno no será menor de uno 10"

Tamén explica a FAG que non hai problema respecto ás zonas de vo das escolas. Non median quilómetros entre a zoa de despegue e a de aterraxe xa que ten que haber contacto visual e os vos son dirixidos por radio estando en todo momento en contacto os formadores cos alumnos sen vulneración dos protocolos de seguridade.

CUARTO.-

Céntrase polo tanto a controversia en si se está a incumprir cos requisitos de seguridade dos alumnos cando no Regulamento se di que, en determinadas condicións, as Escolas de paramotor poderán presentar alumnos aos exames de piloto en prácticas de parapente.

Este Comité, unha vez analizadas as circunstancias concorrentes e á vista das explicacións dadas pola Federación, aprecia que o artigo do regulamento impugnado non vai en detrimento da seguridade xa que ás **escolas de paramotor** que formen a posibles pilotos en prácticas de parapente, **se lles obriga a cumprir con estes deportistas os criterios fixados na normativa sobre a materia de ensinanza de parapente.** Non se incumpre ningún regulamento nin norma de seguridade. Lembremos que a base do paramotor é o parapente e que, na súa propia definición fálase de que estamos ante un tipo de parapente. Non debe haber problema pois en que, nas escolas de paramotor, **-cumprindo os requisitos de seguridade de dous técnicos e demais requisitos de seguridade-**, ensínese o parapente e presenten alumnos aos exames.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte
Comité Galego de Xustiza Deportiva

Rúa Madrid, nº 2-4, 2º, Fontiñas
15781 - SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno: 881 996 358 - Fax: 881 996 346
E-mail: secretaria.deporte@xunta.gal

galicia

Atendidos os feitos e circunstancias postas de manifesto no presente expediente, as explicacións dadas pola FAG, vistos os preceptos legais citados e demais de xeral e pertinente aplicación,

O Comité **RESOLVE** a desestimación do recurso presentado polo “Club Parapente Ferrol” declarando que non procede a anulación do artigo que permite ás Escolas de Paramotor presentar alumnos aos exames de parapente sempre que teñan realizados o mesmo número de vós de parapente requeridos aos alumnos de parapente e que esos vós sexan realizados coas normas de seguridade esixidas nos vós de parapente.

Contra esta resolución pódese interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da notificación da mesma, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

D. Jorge Barros de la Peña, Secretario do Comité Galego de Xustiza Deportiva:

CERTIFICO:

Que no Pleno do devandito Comité en sesión celebrada o día 29 de xaneiro de 2018 na cidade de Santiago de Compostela, se acordou a referida resolución, o que lle notifico a Vde. na súa condición de parte interesada para o seu debido cumprimento.

En Santiago de Compostela, a 29 de xaneiro de 2018.

